

HIMNO GALLEGO

Á S. M. LA REINA

DOÑA ISABEL 2.^A

en su llegada á la Ciudad de Santiago.

CORO.

*Vamos, vámonos correndo,
miniñas de Compostela,
á ver á nosa Sabela,
que á Santiago chegou xa:
¡Miña xsoya! á esta Reina,
de todo ó mundo querida,
daremos á benvenida,
pois guapa entre nos está.*

Veñan os mozos é bellos
veñan todas as rapazas
é ninguen quede nas casas
sin á Reina saludar:
é muy boa é quernos moito,
é por eso é de xsusticia
que á sua chegada á Galicia
coidemos de festexsar.

Coro: *Vamos, vámonos etc.*

Sonen gaitas é vigitelas,
zanfonas é pandeiretas,
pois hemos de ter pesetas
si á Sabela garda Dios:
ó noso patron Santiago,
sorte lle dea é fortuna
pra que nas luchas reuna
con xseito moitos dobrós.

Coro: *Vamos, vámonos etc.*

Todas vemos é palpamos
os seus procederes nobres:
con eles terán os pobres
de cote pan que comer,
non pode oír un confrilo,
un revés unha desgracia
sin que ó instante á sua gracia
non se preste á socorrer.

Coro: *Vamos, vámonos etc.*

E discreta virtuosa,
é de tan sana concencia
que respeto é obediencia
decote merecerá:
en fin: é dos españoles
unha madre verdadeira
que cal Sabela á primeira
relembanza deixará.

Coro: *Vamos, vámonos etc.*

O santo Apóstol permita
que saos os seus fillos vexsa,
é que moitos anos rexa,
á conserve é sin delor:
démoslle todos as gracias,
por esta sua visita
que moitos pesares quita
con limosnas ¡Meu amor!

Coro: *Vamos, vámonos etc.*

Reciban os nosos Reyes
do gallego á enhoraboa:
é ó heredeiro da Croa
ó mais leal paraben:
viva pois ó Rey Farruco,
viva á querida Sabela,
viva á Infantiña con ela
é Alfonsiño tamén.

Coro: *Vamos, vámonos etc.*

CORO.

*Vamos, vámonos correndo,
miniñas de Compostela,
á ver á nosa Sabela,
que á Santiago chegou xa:
¡Miña xsoya! á esta Reina,
de todo ó mundo querida,
daremos á benvenida,
pois guapa entre nos está.*

Vicente de Turnes.